

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14974 *Real decreto lei 17/2021, do 14 de setembro, de medidas urxentes para mitigar o impacto da escalada de prezos do gas natural nos mercados retalistas de gas e electricidade.*

I

A electricidade é unha variable sistémica da economía que afecta as familias, os autónomos, as empresas, a industria e a economía no seu conxunto. O prezo da electricidade no mercado grosista está estreitamente ligado á evolución da cotización do gas natural nos mercados internacionais.

Desde febreiro do ano 2021, a cotización do gas natural nos mercados europeos incrementouse bruscamente en máis dun 250 %, acadando niveis sen precedentes e impactando directa e negativamente sobre o prezo da electricidade no mercado grosista.

Neste contexto, e debido ao carácter sistémico que a enerxía, en xeral, e a electricidade, en particular, teñen para a economía e os graves efectos distorsionadores que esta situación está provocando sobre os fogares, as pemes e a industria, resulta necesario adoptar medidas regulatorias urxentes e extraordinarias que, sendo plenamente compatibles co ordenamento nacional e comunitario, corrixan os ditos efectos e protexan os consumidores ante a chegada dos meses do outono e inverno, correspondentes cos de maior consumo enerxético.

Os elevados prezos que se veñen producindo nos últimos meses no mercado grosista da electricidade están xerando unha crecente alarma social e son motivo dunha evidente preocupación, dado o papel fundamental que a electricidade xoga nas economías domésticas, con especial incidencia naqueles colectivos máis vulnerables, polo que cómpre corrixir esta situación que pon en risco a competitividade da nosa economía e impacta negativamente sobre as economías domésticas.

Este incremento sostido do prezo da electricidade no mercado grosista vén observándose desde o mes de febreiro de 2021, momento en que a electricidade marcou o seu mínimo anual en termos mensuais (o prezo medio aritmético no dito mes, segundo os datos do operador do mercado ibérico español –en diante, OMIE–, situouse en 28,49 €/MWh), pero viuse claramente agravado nos últimos meses, en que se acadaron uns niveis nunca antes vistos. Así, o 21 de xullo de 2021 bateuse o anterior prezo máximo diario da electricidade da serie histórica desde a posta en marcha do mercado ibérico da electricidade en 2004, ao acadarse un valor de 106,57 €/MWh e, desde entón, este prezo viuse superado en numerosas ocasións; o último destes prezos máximos é o correspondente ao 13 de setembro de 2021, cando o prezo medio diario se situou en 154,16 €/MWh. Deste xeito, os meses de xullo e agosto pecháronse cuns prezos medios aritméticos de 92,42 €/MWh e 105,94 €/MWh, respectivamente, o que sitúa o incremento do prezo grosista da electricidade en máis dun 250 % desde aquel mínimo anual observado en febreiro de 2021.

Así, as medidas recollidas neste real decreto lei engloban simultaneamente a dimensión social e económica da grave e extraordinaria situación que se está vivindo nos mercados enerxéticos. Todas elas van dirixidas nunha mesma dirección: amortecer a brusca escalada de prezos da electricidade, que se traduce en moitos casos nunha factura de electricidade difícil de asumir para os consumidores, especialmente para aqueles en situación de maior vulnerabilidade enerxética.

As medidas tratan de frear de maneira inmediata o efecto que o incremento do prezo da electricidade está a ter no resto de sectores da economía, o que xa se está reflectindo nos datos máis recentes do índice de prezos de consumo (coa consecuente perda de

poder adquisitivo dos consumidores e unha perda de competitividade para a industria e o sector servizos). Permitirán contrarrestar a eventual prolongación da actual situación nos próximos meses, coincidentes coa chegada do período invernal, o que previsiblemente comportará un incremento da demanda de electricidade nun momento en que a enerxía desprega por completo todos os seus efectos como ben esencial para as economías domésticas.

Esta evolución brusca e sen precedentes do gas natural, cun efecto moi negativo sobre a economía, coincide no tempo co inicio da senda de recuperación económica tras a crise sanitaria causada pola pandemia da COVID-19. Iso supón un risco de ralentización da recuperación.

Esta situación ameaza tamén a consecución dos obxectivos de descarbonización da economía, aos cales o Reino de España se comprometeu no contexto da Unión Europea, e que se viron plasmados no «Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030» e na «Estratexia a longo prazo para unha economía española moderna, competitiva e climaticamente neutra en 2050». E isto é así debido a que os obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro só se poderán acadar por medio do incremento do grao de electrificación dos usos finais da enerxía, o que, sumado á crecente integración de renovables no «mix» eléctrico, permitirá acadar a meta da neutralidade climática en 2050. Por todo iso, un sinal de prezo accesible e razoable da electricidade resulta crucial para que o dito proceso de electrificación se acelere, incentivando a utilización de medios de transporte electrificados e mellorando a competitividade dos procesos industriais que usan como fonte primaria de enerxía a electricidade, de tal forma que se vexan desprazados do «mix» enerxético aqueles combustibles máis contaminantes e, polo tanto, coadxuvando á redución da pegada de carbono a nivel nacional.

II

Un dos aspectos máis preocupantes da actual escalada de prezos da electricidade é o seu impacto sobre os consumidores máis vulnerables. Así, tal e como xa recollía a Estratexia nacional contra a pobreza enerxética 2019-2024, ponse de manifesto a necesidade de articular instrumentos complementarios de protección dos consumidores de enerxía eléctrica en situación de vulnerabilidade, proposta que adquire hoxe aínda maior relevancia no actual contexto de prezos da electricidade e tras a situación provocada en 2020 pola pandemia da COVID-19 que provocou, en termos xerais, unha perda do poder adquisitivo das familias.

En concreto, a Estratexia nacional contra a pobreza enerxética 2019-2024 sinalaba a necesidade de protexer os fogares das consecuencias da pobreza enerxética, garantindo o dereito á subministración eléctrica a todos os consumidores vulnerables a través dunha subministración mínima vital (SMV) que evite a desconexión total da súa subministración.

Desta forma, por medio deste real decreto lei introdúcese un artigo 45 bis e modifícase o número 3 do artigo 52 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, establecéndose como medida de protección ao consumidor unha subministración mínima vital para os consumidores vulnerables perceptores do bono social eléctrico. Así, o período de catro meses recollido na normativa actual para que o consumidor vulnerable faga fronte ao pagamento da súa factura de electricidade sen que a súa subministración se vexa interrompida, esténdese seis meses adicionais, durante os cales se fixará unha potencia tal que garanta unhas condicións mínimas de confort aos fogares acollidos á dita medida. Desta forma, por tanto, amplíase novamente a esfera de protección dos consumidores en situación de vulnerabilidade enerxética, alongando o prazo que permite desencadear o procedemento de solicitude de suspensión da subministración e dando, por iso, resposta ao mandato establecido na Estratexia nacional contra a pobreza enerxética 2019-2024.

A dita reforma con rango legal complementábase coa modificación do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor

vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, de tal forma que o desenvolvemento regulamentario se poida adaptar de maneira inmediata ás modificacións introducidas con rango de lei.

III

Adicionalmente, por medio deste real decreto lei introdúcese un conxunto de medidas que contribúen á redución dos custos da factura final eléctrica.

En primeiro termo, prorrógase un trimestre adicional a suspensión temporal do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica.

Por medio do Real decreto lei 12/2021, do 24 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da fiscalidade enerxética e en materia de xeración de enerxía, e sobre xestión do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga, estableceuse a suspensión temporal, para o terceiro trimestre de 2021, do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica, posto que a evolución de prezos da electricidade xa observada naquel momento permitía articular aquela medida sen menoscabo da sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.

Considerando que a situación en relación cos prezos grosistas da electricidade non fixo senón agravarse, parece conveniente prolongar a dita medida durante o último trimestre do ano, de tal forma que, en suma, o referido tributo quedará suspendido durante o segundo semestre completo do exercicio 2021.

Desta forma, mediante a exoneración do imposto, os produtores, en canto que suxeitos obrigados do dito tributo, poderán volver ofertar prezos máis competitivos que redunden favorablemente nos consumidores ao verse reducido un dos seus custos operativos.

Esta suspensión temporal, de acordo coas mellores estimacións de ingresos e custos, é compatible cun peche do exercicio 2021 do sistema eléctrico en equilibrio, respectándose o principio de sustentabilidade económica e financeira consagrado na Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Así mesmo, para dar resposta á situación xerada polo incremento dos prezos da electricidade, establécese de forma excepcional e transitoria, ata o 31 de decembro de 2021, unha redución do tipo impositivo do imposto especial sobre a electricidade, regulado na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, do 5,11269632 por cento ao 0,5 por cento.

O dito imposto indirecto, que recae sobre o consumo da electricidade, está harmonizado a nivel comunitario segundo os preceptos da Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade. Segundo a dita directiva, os niveis mínimos de imposición non poden ser inferiores a 0,5 euros por megawatt-hora se a dita electricidade se utiliza con fins profesionais, ou a 1 euro por megawatt-hora no resto dos casos.

Por conseguinte, se, como resultado de aplicar o tipo impositivo do 0,5 por cento sobre a base imponible do imposto especial sobre a electricidade, a tributación efectiva é inferior a 1 euro por megawatt-hora subministrado ou consumido, o importe que se deberá satisfacer polo dito imposto non poderá ser inferior a esa contía.

No suposto da electricidade subministrada ou consumida en usos industriais -teñen a dita consideración os efectuados en alta tensión ou en plantas e instalacións industriais, así como os efectuados en baixa tensión con destino a regas agrícolas- ou no suposto da electricidade subministrada ou consumida en embarcacións atracadas en porto que non teñan a condición de embarcacións privadas de recreo ou no transporte por ferrocarril, o resultado de aplicar o tipo impositivo do 0,5 por cento sobre a base imponible do imposto especial sobre a electricidade non poderá ser inferior a 0,5 euros por megawatt-hora subministrado ou consumido.

A enerxía eléctrica subministrada ou consumida en procesos de redución química, electrolíticos, metalúrxicos, mineralóxicos ou en actividades industriais cuxo valor da

electricidade subministrada ou consumida represente máis do 50 por cento do produto fabricado, de acordo cos preceptos da Directiva 2003/96/CE, non estará sometida aos niveis mínimos de imposición a que se fixo referencia.

Tamén se ampliou o importe correspondente aos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro que se destinarán ao financiamento dos custos do sistema eléctrico previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, referidos ao fomento de renovables.

Así, a disposición adicional centésimo trixésimo segunda da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, fixou a dita contía en 1.100 millóns de euros, pero, dados os maiores ingresos obtidos como consecuencia do incremento da cotización dos dereitos de emisión de CO₂, considerouse oportuno ampliar o dito importe máximo ata os 2.000 millóns de euros, destinados á redución automática dos cargos do sistema eléctrico.

IV

Por outra parte, foméntase a contratación de enerxía a prazo por medio de instrumentos de mercado dos cales se poidan ver beneficiados todos os consumidores.

Os efectos de elevados prezos dos mercados sostidos no tempo sobre o funcionamento do mercado supoñen un risco para a viabilidade das comercializadoras de empresas non verticalmente integradas, pola dificultade que teñen para cubrirse nos mercados a prazo dada a reducida liquidez do mercado a prazo español fronte a outros mercados europeos, sen contar coa cobertura natural que lles proporciona a xeración ás empresas verticalmente integradas. Esta dificultade de cobertura nun período de prezos altos mantido no tempo é asimétrica entre comercializadores que contan ou non coa cobertura natural que proporciona a integración vertical e podería dificultar a competencia no mercado retalista entre as empresas verticalmente integradas e as que non o son.

A liquidez dos mercados a prazo, xunto á transparencia, son aspectos fundamentais para o adecuado funcionamento dos mercados grosistas de electricidade, pola súa incidencia sobre a correcta formación dos prezos a prazo e sobre a atracción á participación neles dun maior número de axentes (con posicións contrarias e diferentes perfís de risco), que poden abrir e pechar posicións con maior facilidade.

Nun mercado a prazo líquido, os participantes no mercado dispoñen de referencias de prezos que lles permiten formar as súas expectativas sobre os prezos futuros. Por tanto, os participantes poden avaliar con maior precisión o prezo do mercado e negociar en consecuencia. Pola contra, cando o mercado a prazo non ten liquidez, o descubrimento de prezos é máis difícil e custoso e pode dar lugar a unha prima de risco dos contratos a prazo máis elevada. Pola súa vez, as primas de risco máis elevadas poden desincentivar unha maior participación no mercado, co efecto dunha maior redución da súa liquidez, e desta forma xérase un círculo vicioso que redundará en maiores custos e maior risco soportado polos participantes no mercado.

A pesar de que a evolución da liquidez do mercado a prazo español nos dous últimos anos foi positiva, esta é aínda significativamente inferior á rexistrada en 2013 (ano en que o volume de negociación acadou un máximo histórico, que representou o 150 % da demanda de electricidade) e segue sendo moi inferior á doutros mercados a prazo europeos, como o alemán e o francés.

A situación anterior, intensificada pola evolución crecente de prezos nos mercados grosistas, ten efectos negativos para os participantes no mercado, xa que limita as posibilidades dos axentes de cubriren a prazo os riscos de prezo e cantidade, deixándoos expostos á volatilidade crecente do mercado ao contado. Desde o punto de vista da oferta, a insuficiente liquidez do mercado a prazo limita a posibilidade de desenvolvemento de proxectos renovables en mercado, sen réxime retributivo regulado, xa que incrementa os custos de financiamento dos proxectos, ata o punto de facelos inviables, especialmente para os promotores máis pequenos. Por tanto, esta situación

afecta negativamente a competencia no mercado ao limitar a entrada de novos operadores, tanto no mercado grosista como no retalista.

Desde o punto de vista da demanda, as comercializadoras independentes e os grandes consumidores, incluídos os industriais electrointensivos, teñen menos opcións para adquirir un volume de enerxía significativo a prazos superiores ao trimestre sen pagaren unha prima elevada, o que condiciona negativamente as súas decisións de investimento e os seus plans de negocio ante o risco de que os seus custos enerxéticos se vexan incrementados sen unha cobertura adecuada. Os pequenos consumidores, especialmente os acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC), ao estaren expostos á volatilidade do mercado diario ao contado, sofren fortes incrementos continuados de prezos en escenarios como o que se está rexistrando nos últimos meses, cunha forte incerteza sobre o prezo que vai afrontar este tipo de consumidores no futuro.

De acordo cos informes de supervisión e seguimento do mercado grosista elaborados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, un dos factores que máis contribúen a esta insuficiente liquidez dos mercados a prazo españois é a falta de incentivo á participación nos mercados a prazo dos grupos verticalmente integrados, xa que dispoñen dunha cobertura natural sobre o risco do prezo do mercado diario que instrumentalizan mediante contratos bilaterais intragrupo.

Esta circunstancia non é un problema en si mesmo se o grupo en cuestión non ten unha cota de mercado significativa. Con todo, a existencia de grupos verticalmente integrados con cotas relevantes, cunha correlación alta entre as necesidades dos seus negocios de xeración e comercialización e con tecnoloxías inframarxinais cun volume de produción base garantido estable, pode xerar barreiras de entrada ao mercado retalista para outros comercializadores non integrados, ao non atoparen facilidades para contratar a prazo no mercado grosista, menos aínda aos custos das ditas tecnoloxías. Se os grupos verticalmente integrados non teñen incentivo para participar nos mercados a prazo, a liquidez do dito mercado a prazo pódese ver afectada, reducindo as opcións dos axentes de menor tamaño e consumidores para obteren a cobertura que necesitan a través de contratos a prazo a prezos competitivos.

Nas circunstancias excepcionais actuais e ante esta estrutura de mercado, xunto coa falta de liquidez nos mercados a prazo, cómpre introducir un instrumento que favoreza a entrada e impulse o desenvolvemento de empresas con actividade de comercialización, fomentando así a competencia no mercado retalista para asegurar menores prezos para o consumidor final.

Como mecanismo para incentivar novas entradas no mercado e/ou reforzar a posición dos comercializadores máis pequenos, os instrumentos coercitivos de contratación a prazo, en particular no seu formato de poxas de contratos de compra de enerxía a longo prazo, pódense deseñar co obxectivo de proporcionar un acceso á xeración en base que proporcionan as tecnoloxías de xeración inframarxinal non emisoras de CO₂ do mercado español.

Mediante estas poxas ponse á disposición de axentes con perfil de demanda unha parte da xeración inframarxinal, xestionable e non emisora de CO₂ durante un período de vencemento preestablecido, por medio de contratos específicos a prazo. A definición do tipo de enerxía que vai participar nestas poxas responde a criterios ambientais, técnicos e económicos, asociados ás maiores posibilidades de garantir a firmeza da enerxía comprometida a un prezo accesible, pero sen menoscabar en ningún caso os principios reitores de política enerxética que presiden a actual senda de descarbonización da economía.

Mediante o artigo 3 dispónse que o Goberno aprobe un calendario de poxas de contratos de compra de enerxía a prazo, regúlense os seus aspectos esenciais e dáse un mandato para que a primeira destas poxas teña lugar antes do final deste ano. Os suxeitos vendedores serán os operadores dominantes en xeración e os compradores poderán ser as comercializadoras non pertencentes a algún dos grupos empresariais cuxa matriz fose considerada como operador principal no sector eléctrico e que dispoñan

de carteira de clientes de electricidade, os consumidores directos en mercado (grandes consumidores) ou os seus representantes.

Así mesmo, poderán concorrer como compradoras as comercializadoras de referencia, unha vez actualizada a fórmula de cálculo do prezo da enerxía do PVPC de forma que se vincule a este mecanismo.

Esta regulación contribuirá a mellorar a liquidez e a competencia nos mercados a prazo, facilitando a realización de coberturas tanto a participantes actuais como a novos entrantes. A actual conxuntura de prezos elevados no mercado grosista e os seus efectos sobre os consumidores domésticos/comerciais e industriais no actual contexto de recuperación económica tras a recente pandemia xustifican a extraordinaria e urxente necesidade e a súa adopción mediante real decreto lei.

Trátase dunha regulación adecuada e proporcionada ao fin que persegue, pois logra os obxectivos expostos dunha maneira máis eficaz, eficiente que outras alternativas máis intervencionistas, como podería ser a obriga de venda de activos de xeración. Así mesmo, a configuración do instrumento como un mecanismo de mercado, mediante poxas que aseguran a fixación de prezos competitivos, contribúe ao cumprimento do principio de proporcionalidade.

V

Outra das medidas aprobadas é a articulación dun mecanismo de minoración do exceso de retribución que determinadas instalacións están percibindo como consecuencia do funcionamento marxinalista do mercado.

A evolución da cotización dos dereitos de emisión no mercado europeo mostra valores superiores aos 60 €/t, e incrementos do 120 % respecto ao valor de hai un ano. Por outra parte, o incremento da cotización alcista sen precedentes do gas natural nos distintos «hubs» nacional e internacionais (no mercado ibérico do gas, xestionado por Mibgas, o prezo de cotización de gas spot no punto virtual de balance –PVB– superou recentemente os 60 €/MWh, fronte aos prezos mínimos do ano rexistrados en febreiro, que se situaban no contorno dos 15 €/MWh. Por tanto, un incremento anual de case o 300 %).

O prezo do gas natural é determinante na fixación do prezo do mercado diario, en canto que o seu efecto é multiplicador (aproximadamente, un incremento de 1 €/MWh do gas supón un incremento de 2 €/MWh de electricidade), fronte ao prezo do CO₂, cuxo sinal se traslada ao prezo da electricidade dunha forma máis atenuada (un incremento de 1 €/tCO₂ supón un incremento de 0,37 €/MWh do prezo da electricidade, dado o factor de emisión específico do ciclo combinado).

Esta situación conxúgase cun modelo de mercado marxinalista, que vén determinado pola regulación europea e que establece que todas as instalacións de produción que estean funcionando nunha determinada hora perciben o mesmo prezo, correspondente ao ofertado pola última instalación que resultou casada para abastecer a demanda na dita hora. Este deseño marxinalista, entre outros, permite que os referidos sinais de prezos e externalidades funcionen, xa que as instalacións máis limpas e, en xeral, máis competitivas perciben uns maiores ingresos, o que incentiva a súa instalación e entrada no mercado, substituíndo as máis contaminantes e, en xeral, menos competitivas.

No entanto, mentres non se produza o desprazamento definitivo das centrais de xeración que dependan de variables como a cotización do gas natural, o sinal de prezo seguirá sendo marcado por tecnoloxías emisoras (directamente ou, de maneira indirecta, por custo de oportunidade doutras tecnoloxías).

Neste contexto, resulta evidente o diferencial entre custos de xeración-beneficios de instalacións non emisoras e inframarxinais. E aínda que esta circunstancia é o resultado natural do deseño marxinalista do mercado antes exposto, é imprescindible incorporar instrumentos regulatorios que, ante as excepcionais circunstancias dos mercados de materias primas, limiten de maneira temporal o exceso de retribución obtido polas ditas instalacións en detrimento de todos os consumidores.

No caso do CO₂, actualmente encóntrase en sede parlamentaria o proxecto de lei pola cal se actúa sobre a retribución do CO₂ non emitido do mercado eléctrico, que ten como obxectivo minorar o exceso de retribución daquelas instalacións non emisoras que, non podendo prever os beneficios extraordinarios asociados á creación do mercado europeo de dereitos de emisión (ETS) creado no ano 2003 no momento da decisión de investimento (que foi anterior á dita data), actualmente son destinatarias do denominado dividendo do CO₂ (exceso de retribución que obteñen as ditas instalacións non emisoras e inframarxinais).

A situación do gas nos mercados internacionais ten a súa orixe, fundamentalmente, en desaxustes entre a oferta e a demanda como consecuencia dunha recuperación global máis rápida do esperado que non foi compasada cos mesmos niveis de produción. Esta valoración vén referendada pola cotización dos futuros de gas nos principais parqués internacionais de negociación do referido produto enerxético, onde se poden observar uns valores de cotización similares aos observados nos últimos anos (en media) e, polo tanto, a medida que se vaia adoptar a este respecto, desde un punto de vista regulatorio, debe recoller este marcado carácter temporal, aínda que o instrumento de minoración formulado garda moitas similitudes no seu esquema de cálculo con aquel confeccionado para levar a cabo a minoración do CO₂.

Para iso, regúlase a minoración da retribución das centrais inframarxinais e non emisoras, por un importe proporcional ao valor da cotización do prezo do gas natural no mercado ibérico de gas. Ademais, a minoración da retribución aplicarase unicamente ás centrais non emisoras no territorio peninsular e quedan excluídas as instalacións de xeración que perciban un réxime retributivo específico (renovables, coxeración e residuos).

Así mesmo, tamén se exclúen as instalacións de reducido tamaño (<10 MW) por razóns de capacidade económica, tendo en conta os seus elevados custos fixos e menor rendibilidade inherentes ás instalacións de menor tamaño.

Por outra parte, este instrumento resultará de aplicación unicamente ata o 31 de marzo de 2022, momento no cal se espera que a cotización do referido hidrocarburo volva a valores medios observados nos últimos anos. Por maior abastanza, o propio instrumento de minoración establece un chan no prezo do gas a partir do cal se aplica a medida de 20 €/MWh, valor que se corresponde, aproximadamente, co prezo medio do mercado ibérico do gas, Mibgas, desde a súa posta en funcionamento de 2017, de tal forma que, se o prezo do combustible resulta inferior ao dito limiar, a minoración da retribución será nula.

O mecanismo aplicarase á retribución percibida pola cantidade total de enerxía producida polas instalacións afectadas no período de liquidación considerado, medida en barras de central, e con independencia da modalidade de contratación utilizada. É dicir, tamén se minorará a enerxía vendida fóra do mercado diario, a través de contratos bilaterais, xa que toda ela está a internalizar o custo de oportunidade de vendela no mercado diario, onde existe a internalización do custo do gas natural.

Para estes efectos, a partir da información facilitada polo operador do mercado (OMIE) relativa ás centrais que marcaron o prezo marxinal do mercado en cada hora, calcularase o nivel de internalización medio mensual do custo do gas natural no prezo do mercado grosista. Para iso, establécese un rendemento medio do ciclo combinado de gas natural, que servirá como referencia do grao de internalización do prezo do gas natural.

Nas horas en que o prezo marxinal fose marcado por outra tecnoloxía distinta do ciclo combinado, asumírase que a oferta internalizou o custo de emisión das centrais de ciclo combinado, se hai centrais desta tecnoloxía que ofertasen no contorno (± 10 por cento) do prezo de casación. Do exercicio anterior resultará un factor medio de internalización do gas natural (en diante, FMIG).

A consideración do factor α ten como obxectivo introducir un elemento de proporcionalidade na medida. Cun valor de α distinto de 1, non se elimina por completo o sinal de prezo que perciben estas tecnoloxías como consecuencia da internalización do

custo do gas natural. Do mesmo xeito que no instrumento de minoración do CO₂, este coeficiente fíxase cun valor de 0,9.

Por fin, para cada central, a minoración da súa retribución calcularase multiplicando a súa produción mensual en barras de central polo dito custo medio axustado. A continuación, notificaranse as cantidades a cada central, que deberán ser ingresadas no prazo máximo dun mes tras a notificación da liquidación.

Finalmente, e tendo en conta os ingresos adicionais con que conta o sistema eléctrico como consecuencia das medidas aprobadas neste real decreto lei (principalmente o instrumento de minoración do exceso de retribución do gas natural, así como os ingresos adicionais correspondentes cos dereitos de emisión de CO₂ poxados), na disposición adicional terceira incorporouse unha actualización extraordinaria dos cargos do sistema eléctrico que resultarán de aplicación exclusivamente desde a entrada en vigor deste texto normativo ata o 31 de decembro de 2021.

A actualización dos cargos levouse a cabo de conformidade coa metodoloxía establecida no Real decreto 148/2021, do 9 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico.

VI

A realidade do cambio climático, o aumento das temperaturas, a alteración dos padróns de choiva e, en suma, a menor dispoñibilidade de auga que auguran todos os escenarios a medio e longo prazo afectarán os usos da auga nas distintas bacías hidrográficas e, loxicamente, debe repercutir sobre as condicións que delimitan o exercicio dos dereitos de explotación e de aproveitamento dun recurso cada vez máis escaso, dereitos que teñen un réxime xurídico propio e específico derivado da súa natureza demanial.

Por iso, esta reforma que se recolle no título IV introduce a concreción dos criterios de utilización racional dos recursos hídricos no número 2 do artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, como garantía para atender á realidade da explotación baixo os condicionantes actuais, entre os cales destacan as previsións dos efectos do cambio climático e os escenarios de redución da dispoñibilidade hídrica en España, superiores ao 15 % a medio prazo e entre o 35 e o 40 % nun horizonte de longo prazo.

A introdución de criterios de utilización racional dos recursos hídricos é necesaria para a protección das masas de auga superficial mediante a súa correcta planificación e xestión, máxime cando as ditas masas de auga se asocian a tramos fluviais en que conviven un elevado nivel de aproveitamento das augas e leitos con múltiples valores e servizos ecosistémicos. A incidencia social e ambiental desta reforma garante unhas pautas da súa execución, necesarias para a maior certeza de usuarios e cidadáns, sobre a xestión dun recurso previsiblemente máis escaso nun momento de transición ao terceiro ciclo da planificación hidrolóxica, que se debe aprobar en 2022.

Estes novos plans hidrolóxicos deberán conter as medidas e ferramentas que permitan acadar en 2027 os obxectivos ambientais fixados pola Directiva 2000/60/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, coñecida como Directiva marco da auga, e faranse eco da reforma contida neste real decreto lei.

Ademais, a Directiva marco da auga pon o acento no carácter da auga como recurso natural, como elemento do ambiente, e preséntase como unha ferramenta adecuada para mellorar a protección das augas comunitarias nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, procurando fomentar o uso sustentable do recurso que a directiva caracteriza de escaso e vulnerable.

Así mesmo, trátase de que os usuarios do dominio público hidráulico, en particular en réxime de concesión, cuxos aproveitamentos están subordinados ao interese xeral, sigan desenvolvendo as súas actividades, aínda que temporalmente se deban adoptar medidas que tamén teñen incidencia ambiental e social. A reforma efectúase desde o

principio de certeza e seguridade xurídica no exercicio dos seus dereitos, que se constitúen como «un feixe de facultades individuais», pero tamén como «un conxunto de dereitos e obrigacións establecidos, de acordo coas leis, en atención a valores ou intereses da comunidade» (STC 204/2004, do 18 de novembro, FX 5, e STC 154/2015, FX 4).

O artigo 45.2 da Constitución obriga os poderes públicos a velar «pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva». E, como sinalou o Tribunal Constitucional respecto dos dereitos individuais de aproveitamento sobre a auga, «a súa regulación xeral non só pode ter en conta o interese individual dos usuarios ou titulares daqueles dereitos, senón que debe tamén tomar en consideración o interese xeral inherente ao carácter público do ben sobre o cal recaen», polo que, tomando a doutrina da STC 37/1987, do 26 de marzo, «a fixación do contido esencial «non se pode facer desde a exclusiva consideración subxectiva do dereito ou dos intereses individuais» que en cada dereito patrimonial subxace, senón que debe incluír igualmente a dimensión supraindividual ou social integrante do dereito mesmo» (STC 227/1988, do 29 de novembro, FX 11). Por conseguinte, o principio reitor desta reforma é a consideración da auga como un ben ambiental, cunha incidencia social moi notable e como un ben digno de protección en si mesmo.

En relación coas tendencias detalladas anteriormente derivadas do cambio climático e de redución da dispoñibilidade hídrica, suscítase outro asunto que tamén xerou enorme preocupación social, respecto do uso da auga para a produción de enerxía eléctrica. Trátase de garantir a compatibilidade das cláusulas concesionais que rexen a relación entre a Administración hidráulica e o concesionario, co criterio reitor da ordenación da auga, non soamente como un recurso de contido económico para a produción enerxética, senón tamén como un recurso ambiental de primeira orde, cunha incidencia social prioritaria.

En consecuencia, esta reforma precisa os criterios de aplicación do réxime establecido no artigo 55.2 do vixente texto refundido da Lei de augas, procedente do artigo 53 da Lei 29/1985, co fin de permitir a súa adaptación ás consecuencias do cambio climático e, en definitiva, en beneficio do ambiente e do conxunto dos usuarios da auga.

Neste contexto, a reforma prevé que para aqueles encoros maiores de 50 hm³ de capacidade total, cuxos usos principais non sexan o abastecemento, o regadío e outros usos agropecuarios, nos casos en que proceda en atención á reserva de auga encorada e á predición estacional, o organismo de bacía fixará, ao comezo de cada ano hidrolóxico, unha serie de variables hidrolóxicas.

En concreto, para asegurar esta explotación racional fixarase un réxime mínimo e máximo de caudais medios mensuais que se desencorarán para situacións de normalidade hidrolóxica e de seca prolongada, así como un réxime de volumes mínimos de reservas encoradas para cada mes.

Así mesmo, fixarase unha reserva mensual mínima que debe permanecer almacenada no encoro para evitar indesejados efectos ambientais sobre a fauna e a flora do encoro e das masas de auga asociadas a el.

Cabe destacar como innovación que se procurará que a explotación racional resulte compatible co desenvolvemento das actividades económicas sustentables ligadas á dinamización dos municipios ribeiregos, sempre no marco da orde de preferencia de usos que se estableza no Plan hidrolóxico da bacía correspondente.

Por outra banda, para o seguimento e a avaliación desta medida no ano hidrolóxico 2021-2022 prevese que, antes do 31 de decembro de 2021, os organismos de bacía remitan á Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico un informe motivado que recolla a relación dos encoros que foron obxecto das medidas de explotación racional que se introducen nesta reforma.

Para xustificar a extraordinaria e urxente necesidade desta reforma mediante real decreto lei, hai que sinalar que desde o punto de vista da dispoñibilidade de auga, os

datos evidencian unha redución das achegas producidas na serie hidrolóxica posterior a 1980 (1980/81-2017/18), respecto á serie dos corenta anos previos (1940/41-1979/80), de aproximadamente o 11 % como valor medio para o conxunto de España, aínda que esta cifra acada o 22 % en bacías como o Texo ou o Guadiana.

Por outra banda, as previsións a que apuntan os modelos climáticos para os distintos escenarios futuros confirman estas tendencias decrecentes. Os traballos desenvolvidos polo CEDEX e a Oficina Española de Cambio Climático calculan unhas reducións medias da dispoñibilidade de auga no conxunto de España de arredor do 6 % en 2030 e preto do 12 % en 2050, aínda que estas cifras se incrementan ata o 9 % e o 16 %, respectivamente, en varias bacías peninsulares, e ata o 13 % e o 20 % no caso de Illes Balears.

Respecto do actual ano hidrolóxico 2020-2021, os últimos datos publicados ao comezo de setembro de 2021 sinalan que a reserva total de auga encorada nas bacías hidrográficas da vertente atlántica ascende a 16.114 hm³, por baixo dos 19.505 hm³ que había en agosto de 2020 e dos 23.726 hm³ de reserva total media das ditas bacías dos últimos dez anos. Este descenso tamén se produce nas bacías mediterráneas, tendo descendido a reserva desde os 8.095 hm³ de 2020 aos 7.218 hm³ de setembro de 2021, cifra que, no entanto, non está afastada da media dos dez últimos anos (7.272 hm³).

Estes datos, unidos á predición estacional das precipitacións en España (para setembro-outubro e novembro de 2021) da Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet), que sinala que hai unha maior probabilidade de que a precipitación se encontre no tercil inferior na vertente atlántica e Canarias, aconsellan a adopción urxente da reforma.

Así mesmo, a urxencia baséase no principio de precaución, coa finalidade de protexer sen dilación as reservas hídricas dos encoros na situación hidrolóxica e pluviométrica que se acaba de describir, que require iniciar de forma inmediata o mecanismo de aplicación de criterios de utilización racional dos recursos hídricos para a súa efectividade no ano hidrolóxico 2021-2022, que comezará o vindeiro 1 de outubro.

VII

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, os consumidores finais de gas natural conectados a presións inferiores a 4 bares con consumos anuais inferiores a 50.000 kWh teñen dereito a acollerse á tarifa de último recurso de gas natural. Segundo os últimos datos dispoñibles, aproximadamente un millón e medio de consumidores están acollidos á dita tarifa de último recurso, na súa maioría clientes domésticos e pemes, e o resto dos consumidores (preto de seis millóns e medio) permanecen acollidos a tarifas libremente establecidas polas comercializadoras.

O sistema de cálculo da citada tarifa de último recurso está recollido na Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural, e inclúe de forma aditiva o custo da materia prima, as peaxes de acceso que correspondan, os custos de comercialización e os custos derivados da seguridade de subministración. Polo tanto, a súa existencia non é nova e desde 2009 os consumidores pódense acoller a esta tarifa de protección que asegura unha subministración a prezos accesibles.

O custo da materia prima revísase trimestralmente e supón actualmente arredor do 30 % da tarifa. O seu valor calcúlase, de acordo coa metodoloxía aprobada pola citada orde, mediante a agregación dun custo de gas de base, vinculado á cotización do cru Brent, e un custo de gas estacional, dependente da cotización dos futuros do gas natural no mercado NBP, así como da cotización das opcións dos ditos futuros. Este último custo de gas estacional só se aplica nos trimestres primeiro e cuarto do ano.

Desde principios do mes de marzo de 2021, os prezos do gas natural nos principais mercados europeos veñen mantendo unha tendencia alcista moi acusada, impulsada pola recuperación da demanda de gas en Asia, os baixos niveis de *stock* a nivel mundial e as altas cotizacións do Brent. Desta forma, o prezo do gas natural en Europa está hoxe en día no rango dos 50-60 €/MWh, marcando máximos históricos e triplicando os prezos

dos últimos anos. Así mesmo, as cotizacións dos futuros e a situación dos mercados indican que os prezos se poderían manter este inverno en valores similares ou mesmo superiores.

Tal e como está establecida a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural, as cotizacións internacionais excepcionalmente altas dos prezos do gas natural deberían traducir nun súbito incremento no custo da materia prima e, polo tanto, na tarifa aplicada aos consumidores acollidos á tarifa de último recurso. Isto implicaría un incremento medio na tarifa de último recurso con entrada en vigor o vindeiro 1 de outubro de 2021, que podería acadar o 30-40 % segundo a banda de consumo, derivado do incremento superior ao 100 % no custo da materia prima, respecto á última actualización de xullo de 2021. Este elevado incremento entre actualizacións, máximo histórico, supoñería un importante esforzo económico que deberían afrontar estes clientes, moitos deles vulnerables.

Esta situación non se podía ter previsto no momento da elaboración da metodoloxía de cálculo, tal e como demostra o comportamento do custo da materia prima nos últimos trimestres desde o ano 2015. Neste período, o custo da materia prima nunca fora superior ao 20 por cento e soamente en catro ocasións se superou o 10 por cento de incremento.

Ante a imprevisibilidade, gravidade e inmediatez desta situación, mediante este real decreto lei introdúcese, como medida temporal e excepcional de protección social, unha limitación por dous trimestres ao incremento do custo da materia prima incluído na tarifa de último recurso de gas natural, con obxecto de amortecer a imputación nela da excepcional suba de cotizacións internacionais do gas natural. Ao tomar medidas sobre esta situación evítase unha suba na factura do consumidor medio que podería acadar o 30-40 %, segundo a banda de consumo, derivada do incremento estimado superior ao 100 % no custo da materia prima respecto á última actualización de xullo de 2021. Nun contexto como o actual, onde o inverno require uns maiores consumos de gas natural para quentar os fogares polas condicións climatolóxicas adversas, con especial énfase nas persoas que pola súa situación estean nun maior grao de vulnerabilidade, a atenuación do impacto é unha medida necesaria para que os consumidores poidan seguir tendo acceso a unha tarifa de protección para o acceso a este insumo fundamental.

Sen prexuízo do mecanismo de atenuación inmediato que este real decreto lei formula, o incremento de custo da materia prima que quede pendente de repercutir na tarifa, consecuencia da diferenza entre o custo da materia prima calculado conforme a metodoloxía vixente e o que resulte da aplicación do citado límite, recuperárase nas seguintes revisións da tarifa coa suxeición á referida limitación. Así mesmo, habilítase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para desenvolver o citado mecanismo.

VIII

O Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19, creou a liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas, cunha dotación total de 7.000 millóns de euros, e encomendoulles ás comunidades autónomas e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla a súa xestión e control.

Desde o inicio da pandemia, despregouse un programa sen precedentes de medidas de axuda ao tecido produtivo, ao emprego e ás rendas das familias, entre as cales destacan os avais públicos canalizados a través do ICO, o apoio público extraordinario aos expedientes de regulación temporal de emprego e a prestación extraordinaria aos traballadores autónomos. Como complemento destas medidas, a citada liña COVID de axudas directas ten por obxecto reforzar a situación patrimonial daqueles autónomos e empresas cuxa actividade se viu máis negativamente afectada pola pandemia, para mellorar a solvencia empresarial e reducir o sobreendebedamento no conxunto da

economía, evitando así a xeración dun problema de inestabilidade financeira que poida poñer en risco a recuperación económica.

Con tal fin, as axudas destináronse ao pagamento das débedas xeradas e á compensación dos custos fixos incorridos desde o 1 de marzo de 2020 ao 31 de maio de 2021 daquelas empresas cunha caída no volume de operacións anual en 2020 con respecto a 2019 superior ao trinta por cento pertencentes aos sectores máis castigados pola pandemia.

En atención á evolución da economía no primeiro trimestre do ano, o real decreto lei citado foi parcialmente modificado polo Real decreto lei 6/2021, do 20 de abril, polo que se adoptan medidas complementarias de apoio a empresas e autónomos afectados pola pandemia da COVID-19, que dotou as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dunha maior marxe de flexibilidade na execución das axudas. En primeiro lugar, permitiu que as comunidades e cidades autónomas puidesen engadir novos sectores elixibles para recibiren axudas e, en segundo lugar, permitiu o acceso ás axudas a empresas con resultados netos negativos nas súas declaracións de impostos de 2019, sempre que o solicitante da axuda acreditase circunstancias excepcionais. A modo de exemplo, tales circunstancias poderán incluír limitacións á actividade normal por causas extraordinarias como catástrofes naturais, danos graves a instalacións ou cultivos, obras, ampliación de cadros de persoal ou causas alleas á actividade da empresa.

En xeral, as empresas máis afectadas pola crise da COVID-19 xa puideron acceder a estas axudas, pois as primeiras convocatorias permitiron aliviar aquelas empresas e autónomos cun maior exceso de endebedamento e unha maior caída da actividade. Neste sentido, cabe sinalar que o artigo 3.1.a) do Real decreto lei 5/2021 xa omite a exigencia de acreditar a caída na facturación para os empresarios ou profesionais que apliquen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ademais, a intensa recuperación económica, xunto co conxunto de axudas públicas que canalizaron xa o Estado e as comunidades autónomas, fan que a situación patrimonial das empresas mellorase. Porén, de cara ao último trimestre do ano, é importante afianzar a recuperación, afastar o risco dun posible problema macroeconómico ou financeiro xerado polo sobreendebedamento dunha parte significativa da economía española e reforzar os balances empresariais, para que todas as empresas e autónomos poidan contribuír activamente ao aumento do investimento, da actividade económica e da creación de emprego.

Con este fin, modifícase o Real decreto lei 5/2021, ampliando o ámbito temporal cuberto polas axudas e aclarando algunhas cuestións, co fin de permitirilles a aquelas comunidades e cidades autónomas que dispoñan de recursos realizaren convocatorias adicionais de axudas no que resta de ano. Desta forma, maximizarase o efecto dinamizador das axudas, que poderán chegar a todos os sectores e ámbitos xeográficos que o necesitan para se incorporaren á recuperación económica.

Así, en primeiro lugar, amplíase en catro meses, desde o 31 de maio ata o 30 de setembro, o prazo de cobertura das axudas. En segundo lugar, en liña co previsto no Marco temporal da Unión Europea, relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, aclárase que, dentro das finalidades a que se poden destinar as axudas, o concepto de custos fixos incorridos inclúe as perdas contables que non fosen xa cubertas por estas ou outras axudas. Independentemente da estrutura financeira, as perdas reflicten a redución no patrimonio neto das empresas, de maneira que a aplicación das axudas á súa compensación, unha vez cubertas as obrigacións e as débedas xeradas, é coherente co obxectivo de reforzar a solvencia empresarial co fin de favorecer a recuperación económica, o investimento e a creación de emprego.

Así, os autónomos e as empresas poderán destinar a axuda a satisfacer a débeda e a realizar pagamentos a provedores e a outros acredores, financeiros e non financeiros, así como a compensar os custos fixos incorridos, incluídas as perdas contables, sempre e cando estes se xerasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e

procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, data de entrada en vigor do Real decreto lei 5/2021.

IX

O artigo 86 da Constitución permítelle ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4; 137/2003, do 3 de xullo, FX 3, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 3; 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa acorrer unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, por tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para acorrerla (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4)».

Para tal fin reitérase a extraordinaria conxuntura de prezos observada nos mercados grosistas de electricidade, que deriva do encarecemento sen precedentes da cotización do gas natural nos mercados internacionais, e o seu impacto sistémico na economía amplamente exposta nas epígrafes I a V deste preámbulo.

A xustificación da extraordinaria e urxente necesidade da reforma do número 2 do artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, para introducir os criterios de utilización racional dos recursos hídricos, encóntrase na protección das masas de auga superficial nun contexto de cambio climático e de escenarios de redución da dispoñibilidade hídrica en España, conforme os datos que se expuxeron na epígrafe VI anterior.

Pola súa parte, o límite establecido no citado Marco temporal da Unión Europea, que determina que as axudas necesariamente teñan que estar outorgadas antes do 31 de decembro de 2021, aconsella incorporar con carácter urxente as modificacións do número 3 do artigo 1 do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de forma que as comunidades autónomas poidan, sen demora, lanzar novas convocatorias de axudas cos fondos restantes ou ampliar as que están en curso.

En consecuencia, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que lle corresponde ao Goberno en canto órgano de dirección política do Estado, e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación, centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a garantía de prezos xustos e competitivos aos cidadáns e ás empresas.

Así mesmo, destácase que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Por todo o exposto, concorren desta forma as circunstancias de «extraordinaria e urxente necesidade» que constitúen o presuposto habilitante exixido ao Goberno polo artigo 86.1 da Constitución para ditar reais decretos leis.

X

Este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A proposta adecúase aos principios de boa regulación exixibles ás disposicións normativas, en especial ao principio de necesidade, pola existencia dunha disfunción na formación de prezos e eficiencia, isto é, a razoabilidade na estrutura de prezos.

Ademais, destácase que, tanto o instrumento de fomento da contratación a prazo como o mecanismo de minoración do exceso de retribución provocada polo incremento da cotización do gas natural, se configuran como instrumentos plenamente respectuosos coa normativa europea.

No caso do mecanismo de fomento da contratación a prazo previsto no artigo 4 deste real decreto lei, o instrumento articúlase como un mecanismo de concorrencia competitiva, promovendo un sistema de poxas centralizadas que garanten a competencia entre os axentes compradores da enerxía en base poxada.

Ao mesmo tempo, garántese o principio de rendibilidade razoable (como manifestación do principio de seguridade xurídica) dos axentes ofertantes da enerxía, mediante o establecemento dun prezo de reserva que se determinará a través dunha metodoloxía que terá en conta parámetros obxectivos e os custos asociados á xeración obxecto de poxa, con base na información proporcionada polas empresas titulares.

Por outra parte, a medida é a resposta regulatoria a unha deficiencia de mercado observada ao longo dos últimos anos, caracterizada por unha falta de liquidez que lles impide aos comercializadores independentes e consumidores directos en mercado contaren coa suficiente cobertura fronte aos riscos que supón a súa completa exposición ás oscilacións do mercado grosista de electricidade e que deriva, en última instancia, da falta de incentivos que os grupos verticalmente integrados teñen en situar a súa enerxía (ou, polo menos, parte dela) en contratos de longo prazo subscritos con terceiros. É, en definitiva, unha medida que permite mellorar o funcionamento do mercado sen que esta afecte os sinais de prezo observados nos restantes mercados grosistas.

En relación co mecanismo de minoración do exceso de retribución provocada polo incremento da cotización do gas natural, a medida é plenamente respectuosa coa normativa europea de deseño do mercado da electricidade, posto que a minoración se leva a cabo de maneira *ex post*, á marxe do mercado, e por iso non terá ningún impacto nin sobre o sinal de prezos reflectido nos ditos mercados, nin sobre o esquema de casación marxinalista actualmente existente, en liña, polo tanto, cos principios reitores do dereito da Unión Europea.

Ao mesmo tempo, a medida cumpre co principio de rendibilidade razoable, en canto que a minoración só afectará as rendas extraordinarias percibidas polo súbito incremento da cotización do gas, de tal forma que a minoración será nula tan pronto como os ditos prezos retornen a valores históricos en termos medios.

Finalmente, e en liña co marcado carácter conxuntural da cotización alcista do gas, o instrumento de minoración articúlase como unha medida puntual e temporal, vixente ata o 31 de marzo de 2022 e, como tal, non afectará os sinais de longo prazo ao investimento.

Así mesmo, esta medida cumpre co principio de proporcionalidade, xa que se estableceu un conxunto de limiares que preveñen do exceso de minoración do prezo do gas natural, que se activan só cando aquel supere un prezo correspondente coa cotización equivalente á cotización do mercado Mibgas desde a súa posta en funcionamento a principios de 2017 ata principios de setembro. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Este real decreto lei consta dun preámbulo e unha parte dispositiva, estruturada en once artigos, sete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, sete disposicións derradeiras e un anexo, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 14.^a, 22.^a, 23.^a

e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral, lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma, lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Así mesmo, habilítanse o Goberno e as persoas titulares dos ministerios de Facenda e Función Pública, e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións e adoptaren as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei, xa que é posible que por razóns técnicas poidan ser necesarias algunhas concrecións do previsto neste real decreto lei por parte do Consello de Ministros ou polos titulares dos departamentos ministeriais competentes.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, da ministra de Facenda e Función Pública, e da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Medidas de protección dos consumidores e en materia de fiscalidade enerxética

Artigo 1. *Creación dunha subministración mínima vital.*

1. Introdúcese un novo artigo 45 bis na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Artigo 45 bis. *Subministración mínima vital.*

1. A subministración mínima vital configúrase como un instrumento de protección social fronte á situación de pobreza enerxética en que se encontran os consumidores en situación de vulnerabilidade. Mediante a subministración mínima vital establécese unha potencia límite que garante unhas condicións mínimas de confort, que non poderá ser superada durante un período de seis meses en que a subministración non poderá ser interrompida, conforme os termos e as condicións que regulamentariamente se determinen.

2. A subministración mínima vital resultará de aplicación aos consumidores vulnerables que incorresen na falta de pagamento das súas facturas unha vez que transcorresen os catro meses a que se refire o artigo 52.3.

3. En ningún caso se poderá iniciar o procedemento de suspensión dun punto de subministración cuxo titular sexa un consumidor vulnerable no período durante o cal resulte de aplicación a subministración mínima vital, ou se esta non foi previamente aplicada.

4. O valor da potencia límite asociada á subministración mínima vital establecerase regulamentariamente.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá as modificacións procedementais necesarias para que as compañías distribuidoras e comercializadoras poidan adaptar a subministración dun fogar á subministración mínima vital.»

2. Modifícase o número 3 do artigo 52 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nos seguintes termos:

«3. Sen prexuízo do establecido no número 4 deste artigo, nas condicións que regulamentariamente se determinen poderá ser suspendida a subministración de enerxía eléctrica aos consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso cando transcorresen, polo menos, dous meses desde que lles fose requirido fidedignamente o pagamento sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento efectuarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción por parte do interesado ou do seu representante, así como da data, da identidade e do seu contido.

No caso das administracións públicas acollidas a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso, se, transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento, o pagamento non se fixese efectivo, poderase interromper a subministración.

No caso das categorías de consumidores vulnerables que se determinen regulamentariamente para estes efectos, transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento sen que o pagamento se fixese efectivo, resultará de aplicación unha subministración mínima vital, nos termos do artigo 45 bis.»

Artigo 2. Determinación da base impositiva e do importe dos pagamentos fraccionados do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica durante o exercicio 2021.

1. Para o exercicio 2021, a base impositiva do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica estará constituída polo importe total que lle corresponda percibir ao contribuínte pola produción e incorporación ao sistema eléctrico de enerxía eléctrica, medida en barras de central, por cada instalación no período impositivo minorada nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante os trimestres naturais terceiro e cuarto.

2. Os pagamentos fraccionados do terceiro trimestre calcularanse en función do valor da produción de enerxía eléctrica en barras de central realizada durante o período impositivo minorado nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante o dito trimestre, aplicándose o tipo impositivo previsto no artigo 8 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, e deducindo o importe dos pagamentos fraccionados previamente realizados.

3. Os pagamentos fraccionados do cuarto trimestre calcularanse en función do valor da produción de enerxía eléctrica en barras de central realizada durante o período impositivo minorado nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante os trimestres naturais terceiro e cuarto, aplicándose o tipo impositivo previsto no artigo 8 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, e deducindo o importe dos pagamentos fraccionados previamente realizados.

TÍTULO II

Fomento da contratación a prazo mediante mecanismos de mercado para a asignación de enerxía inframarxinal xestionable e non emisora

Artigo 3. Fomento da contratación a prazo mediante mecanismos de mercado para a asignación de enerxía inframarxinal xestionable e non emisora.

1. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, estableceranse mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo de enerxía eléctrica mentres o grao de competencia e liquidez nos mercados a prazo así o precise. Os ditos mecanismos tomarán a forma de poxas de contratos de compra de enerxía a longo prazo, nas condicións e durante o período de tempo que se especifiquen na convocatoria, que permita, entre outros, incrementar a liquidez dos mercados eléctricos.

2. A xeración vinculada a estas poxas de contratos de compra de enerxía a longo prazo corresponderá a un máximo do 25 % do valor de enerxía anual xerada máis baixo dos últimos dez anos das instalacións inframarxinais xestionables e non emisoras que non perciban retribución específica e que non resultasen adxudicatarias nas poxas de desenvolvemento de enerxías renovables.

3. As mencionadas poxas instrumentaranse a través de contratos a prazo tipo *forward*, cun período de liquidación igual ou superior a un ano.

4. O produto que se vai poxar será enerxía eléctrica en base, e a variable de oferta o prezo por unidade de enerxía eléctrica, expresado en €/MWh.

5. Establecerase un prezo de reserva, de carácter confidencial, por baixo do cal quedarán rexeitadas as ofertas e que será calculado conforme unha metodoloxía obxectiva, tamén confidencial, que será aprobada mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. A metodoloxía terá en conta parámetros obxectivos e os custos asociados á xeración obxecto de poxa, con base na información proporcionada polas empresas titulares.

6. Serán suxeitos vendedores nas poxas de contratos de compra de enerxía a longo prazo aqueles produtores de enerxía eléctrica que teñan a condición de operadores dominantes na xeración de enerxía eléctrica, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. A cantidade de enerxía obrigatoria para cada operador será proporcional á aplicación dos valores do número 2 á enerxía máxima anual xerable por cada unha das súas tecnoloxías inframarxinais xestionables non emisoras. Estes mesmos operadores poderán solicitar á Secretaría de Estado de Enerxía que a súa oferta sexa maior que a obrigatoria, sempre que os produtos que se vaian poxar sexan idénticos aos obrigatorios e as normas e procedementos da poxa os mesmos.

7. Mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, definiranse:

- a) O método de poxa e o tipo de liquidación.
- b) Os suxeitos vendedores.
- c) A data de realización da poxa e o seu calendario.
- d) O período de liquidación dos produtos.
- e) A enerxía concreta que se vai poxar.
- f) As especificacións de detalle (regras da poxa) e os formularios que cómpre cubrir para participar na poxa, incluídas as garantías para a cualificación na poxa.
- g) O contrato marco, que incluírá, entre outros aspectos, as garantías que depositarán os adxudicatarios da poxa.
- h) As porcentaxes máximas de adquisición polos compradores, de ser o caso.
- i) Calquera outro parámetro ou aspecto relacionado coa poxa.

8. Poderán ser compradores nas poxas todos os suxeitos que cumpran as condicións de garantías e requisitos formais establecidos para cada poxa, que deben ser necesariamente suxeitos do mercado de produción participantes no mercado, entendidos como aqueles comercializadores que teñan carteira de clientes, consumidores directos en mercado, ou os seus correspondentes representantes, definidos no artigo 6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Os suxeitos compradores non poderán pertencer a algún dos grupos empresariais cuxa matriz fose considerada en cada momento mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como operador principal no sector eléctrico, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

9. Tamén poderán concorrer como compradores nas poxas as comercializadoras de referencia, para a subministración ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, nos termos que se establezan na resolución da Secretaría de Estado de Enerxía referida no número 7 anterior. Para os efectos de facer posible esta previsión, o Goberno revisará a fórmula para a determinación do custo de produción de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor, regulada no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo

que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación, de maneira que incorpore a referencia do prezo da poxa regulada neste artigo cun peso de ata o 10 por cento, nos termos e baixo as condicións que regulamentariamente se establezan.

10. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará que o procedemento das poxas se realice de forma competitiva, transparente e non discriminatoria, conforme a normativa vixente, e despois de cada poxa elaborará un informe sobre o seu desenvolvemento e potenciais melloras, que será remitido á Secretaría de Estado de Enerxía.

11. A entidade administradora da poxa será OMI-Polo Español, S.A. (OMIE) directamente ou a través dalgunha das súas filiais. O custo imputable á organización da poxa será soportado polos adxudicatarios da poxa en proporción á potencia adxudicada e percibido pola entidade administradora da poxa. A resolución pola cal se convoque a poxa establecerá o custo imputable á súa organización. A entidade administradora da poxa terá a obriga de enviar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Secretaría de Estado de Enerxía toda a información, en formato e prazos, que lle sexa requirida en canto ao desenvolvemento das poxas.

12. A partir do 1 de xaneiro de 2022 e con carácter anual, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elaborará un informe de seguimento das mencionadas poxas e de evolución do mercado a prazo, que remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía, no cal se incluírán recomendacións sobre a oportunidade e a conveniencia de manter este instrumento de fomento da contratación a prazo, a súa periodicidade, cantidade de potencia e características dos produtos que se vaian poxar, entre outros.

13. As empresas compradoras nas poxas deberán reflectir nas súas facturas, a aqueles consumidores en mercado libre cuxa subministración se realice en baixa tensión de ata 15 kW de potencia contratada, a súa condición de compradores nas poxas cuxo período de entrega coincida co período de facturación correspondente, así como a cantidade de enerxía concreta adquirida pola empresa nas ditas poxas.

TÍTULO III

Mecanismo de minoración do exceso de retribución do mercado eléctrico causado polo elevado prezo de cotización do gas natural nos mercados internacionais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 4. *Minoración da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, e ata o 31 de marzo de 2022, minorarase a retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica das instalacións de produción de tecnoloxías non emisoras de gases de efecto invernadoiro, nunha contía proporcional ao maior ingreso obtido por estas instalacións como consecuencia da incorporación aos prezos da electricidade no mercado grosista do valor do prezo do gas natural por parte das tecnoloxías emisoras marxinais.

Artigo 5. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. A minoración a que se refire o artigo anterior será de aplicación aos titulares de cada unha das instalacións de produción de enerxía eléctrica non emisoras de gases de efecto invernadoiro no territorio peninsular español, calquera que sexa a súa tecnoloxía.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación as instalacións de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, así como as instalacións de produción que teñan recoñecido un marco retributivo dos regulados no artigo 14 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

3. Tamén quedarán excluídas da minoración as instalacións de produción de potencia neta igual ou inferior a 10 MW, con independencia da súa data de posta en servizo.

Artigo 6. *Ámbito de aplicación obxectivo.*

A minoración afectará a produción das instalacións de produción de enerxía eléctrica referidas no artigo 5, con independencia da modalidade de contratación utilizada.

CAPÍTULO II

Cálculo da minoración e pagamento

Artigo 7. *Cálculo da contía da minoración.*

A minoración correspondente a cada instalación de xeración de enerxía eléctrica a que fai referencia o artigo 5 anterior calcularase, para cada mes, segundo a fórmula seguinte:

$$Y_i^t = \frac{Q_i^t x (P_{GN}^t - 20) x \alpha}{FMIG^t}$$

Onde:

Y_i^t é a contía da minoración, en euros, correspondente á instalación i -ésima no mes t considerado.

Q_i^t é a cantidade total de enerxía eléctrica producida pola instalación i -ésima durante o mes t , en MWh. Para os efectos do cálculo, computarase a enerxía medida en barras de central. No caso de instalacións de bombeo, para o cálculo da detracción considerarase a produción neta, descontando os consumos para bombeo, do período t . Se a dita produción neta resulta negativa, o valor de Q_i^t será cero.

$FMIG^t$ é o factor medio de internalización do prezo do gas natural no prezo do mercado diario no mercado ibérico da electricidade no mes t . Para o cálculo de $FMIG^t$ empregarase o rendemento medio dunha central de ciclo combinado, dividido por un factor que se obtén como a porcentaxe de horas (en tanto por un) en que marcaron o prezo marxinal as ditas instalacións nese mes, ponderadas pola enerxía casada en cada hora. Para os efectos do cálculo do $FMIG^t$, considerarase que o rendemento medio dun ciclo combinado se corresponde cun valor de 0,55.

Nas horas en que o prezo marxinal non fose marcado por unha instalación de ciclo combinado, ou cando este fose marcado por unha unidade de oferta que agrupe varias instalacións físicas de diferentes tecnoloxías, asumírase que a oferta internalizou o prezo do gas natural cando existan ofertas de instalacións de ciclo combinado no contorno ($\pm 10\%$) do dito prezo marxinal.

Ademais, co obxecto de coñecer se se realizaron ofertas no contorno do dito prezo marxinal por parte das centrais de ciclo combinado de conformidade co parágrafo anterior, teranse en conta tanto as ofertas simples como as ofertas complexas presentadas no mercado diario, no seguintes termos:

– Para determinar se no -10% do prezo marxinal existen ofertas de ciclo combinado, tomarase para cada hora a oferta máis restritiva de cada ciclo combinado entre a oferta simple e prezo medio da oferta complexa do día calculada a partir da enerxía casada desa planta.

– Para determinar se no $+10\%$ do prezo marxinal existen ofertas de ciclos combinados, incrementarase o prezo do mercado nese 10% e comprobarase se existen

centrais emisoras que pasarían a ser despachadas no mercado, tendo en conta tanto as súas ofertas simples como complexas.

Na determinación do FMIG^t teranse en conta tanto as unidades de oferta do sistema eléctrico español como portugués.

P_{GN}^t é o prezo medio do gas natural no mes t , medido en euros (€) por megawatt-hora (MWh). Calculárase como a media do prezo ao contado do gas natural no punto virtual de balance (PVB) de cada un dos días do período correspondente no mercado ibérico do gas (Mibgas). Os días de negociación considerárase o prezo de peche do mercado, e o resto dos días considerárase o prezo de peche do último día de negociación anterior.

α é un parámetro de modulación da minoración, que tomará inicialmente o valor de 0,9.

Se o prezo medio nun mes, P_{GN}^t , é inferior a 20 €/MWh, o importe da minoración, Y_t^t será nulo no referido mes.

No caso de cambio de titularidade dunha instalación durante os períodos de aplicación da minoración, as contías, en euros, devindicadas pola instalación calcularanse para cada titular considerando o número de días en que cada parte tivo a titularidade da instalación.

Artigo 8. *Procedemento para o cálculo, notificación e pagamento das minoracións.*

1. Para cada mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o operador do sistema calculará a minoración da retribución das instalacións definidas no artigo 5, de acordo coa metodoloxía do artigo 7. A liquidación e o pagamento das minoracións realizaranse mensualmente.

2. Para iso, antes do día 15 de cada mes, o operador do sistema notificaralles ás empresas titulares das instalacións a que se refire o artigo 5 as contías resultantes da minoración correspondentes ao mes anterior, detallando os cálculos realizados. O operador do mercado remitiralle a información necesaria ao operador do sistema para determinar esta minoración.

3. Desde a recepción da notificación, os titulares das instalacións dispoñerán dun prazo dun mes para a realización dos ditos pagamentos ao operador do sistema.

4. Os pagamentos a que se refire o punto anterior terán a consideración de pagamentos á conta da liquidación que o operador do sistema realizará para cada instalación unha vez que se coñezan os datos definitivos das medidas da produción en barras de central do exercicio.

Artigo 9. *Natureza e destino dos ingresos.*

1. O operador do sistema declarará ao órgano encargado das liquidacións reguladas do sector eléctrico o importe dos pagamentos a que se refire o artigo 8, unha vez realizados polos titulares a que se refire o artigo 5.

2. Estas cantidades terán a consideración de ingresos liquidables do sistema e destinaranse a financiar os custos financiados polos cargos do sistema eléctrico a que fai referencia o artigo 16.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e a cubrir, de ser o caso, os desaxustes temporais entre ingresos e custos do sistema.

TÍTULO IV

Cráterios de utilización racional dos recursos hídricos

Artigo 10. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Engádense os seguintes novos parágrafos á redacción do número 2 do artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, co teor literal seguinte:

«A garantía de explotación racional do dominio público hidráulico ten a finalidade de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o ambiente, de conformidade co disposto polo artigo 45.2 da Constitución.

Para eses efectos, para os encoros maiores de 50 hm³ de capacidade total, cuxos usos principais non sexan o abastecemento, o regadío e outros usos agropecuarios, nos casos en que así proceda en atención á reserva de auga encorada e á predición estacional, o organismo de bacía fixará ao inicio de cada ano hidrolóxico:

- a) Un réxime mínimo e máximo de caudais medios mensuais que se desencorarán para situacións de normalidade hidrolóxica e de seca prolongada.
- b) Un réxime de volumes mínimos de reservas encoradas para cada mes.
- c) A reserva mensual mínima que debe permanecer almacenada no encoro para evitar indesexados efectos ambientais sobre a fauna e a flora do encoro e das masas de auga asociadas a el.

En situacións de normalidade hidrolóxica, a fixación dos citados réximes de caudais e de reservas encoradas deberá permitir o exercicio dos usos comúns regulados no artigo 50.

Así mesmo, procurarase que a explotación racional resulte compatible co desenvolvemento das actividades económicas sustentables ligadas á dinamización dos municipios ribeiregos, no marco da orde de preferencia de usos que se estableza no Plan hidrolóxico da bacía correspondente.

No procedemento, o organismo de bacía daralles audiencia, en todo caso, ao concesionario, aos órganos competentes en materia de pesca fluvial da comunidade autónoma correspondente e aos municipios ribeiregos do encoro.»

Disposición adicional primeira. *Obrigacións de información relativas ao mecanismo de minoración do exceso de retribución.*

En relación co mecanismo de minoración regulado no título III deste real decreto lei, establécense as seguintes habilitacións e mandatos:

1. Habilítase o órgano encargado das liquidacións para solicitarlles a información necesaria ao operador do mercado e ao operador do sistema para dar cumprimento ás obrigacións impostas por este real decreto lei.
2. Antes de que transcorra un mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o operador do sistema identificará os titulares das instalacións co fin de poder aplicar o procedemento previsto no artigo 8 deste real decreto lei.
3. Mensualmente, o operador do sistema remitiralles á Secretaría de Estado de Enerxía e ao órgano encargado das liquidacións información detallada das minoracións calculadas por instalación e titular, así como dos pagamentos recibidos.

Disposición adicional segunda. *Primeira poxa de enerxía inframarxinal xestionable e non emisora.*

De conformidade coas circunstancias do mercado, a primeira poxa de contratos de compra de enerxía a prazo, a que se refire o artigo, terá lugar antes do 31 de decembro de 2021.

A cantidade total de enerxía anual que se poxará na primeira poxa será de 15.830,08 GWh, coa seguinte repartición entre os suxeitos vendedores establecidos no número 6 do artigo 3:

- Grupo Endesa: 6.737,26 GWh.
- Grupo Iberdrola: 7.323,63 GWh.
- Grupo Naturgy: 1.405,48 GWh.
- Grupo EDP: 363,72 GWh.

Disposición adicional terceira. *Actualización dos cargos do sistema eléctrico.*

1. Para o período comprendido entre a data de entrada en vigor deste real decreto lei e o 31 de decembro de 2021, os prezos aplicables aos distintos segmentos tarifarios dos cargos do sistema eléctrico son:

a) Prezos dos termos de potencia:

Segmento tarifario	Termo de potencia dos cargos (€/kW ano)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
1	0,281544	0,018107				
2	0,349842	0,175074	0,127195	0,127195	0,127195	0,058307
3	0,363151	0,181740	0,132055	0,132055	0,132055	0,060525
4	0,213255	0,106741	0,077547	0,077547	0,077547	0,035542
5	0,170749	0,085447	0,062081	0,062081	0,062081	0,028458
6	0,083525	0,041797	0,030373	0,030373	0,030373	0,013921

b) Prezos dos termos de enerxía:

Segmento tarifario	Termo de enerxía dos cargos (€/kWh)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
1	0,004133	0,000827	0,000207			
2	0,002304	0,001706	0,000922	0,000461	0,000295	0,000184
3	0,001253	0,000928	0,000501	0,000251	0,000161	0,000100
4	0,000588	0,000435	0,000235	0,000118	0,000075	0,000047
5	0,000482	0,000357	0,000193	0,000096	0,000062	0,000039
6	0,000183	0,000136	0,000073	0,000037	0,000023	0,000015

2. Para o período comprendido entre a data de entrada en vigor deste real decreto lei e o 31 de decembro de 2021, os prezos aplicables aos segmentos tarifarios 2 VE e 3 VE, de conformidade coa disposición adicional primeira do Real decreto 148/2021,

do 9 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico, son:

a) Puntos de recarga de vehículos eléctricos conectados en baixa tensión (segmento tarifario 2 VE):

Segmento tarifario	Termo de potencia dos cargos (€/kW ano)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
2 VE	0	0	0	0	0	0

Segmento tarifario	Termo de enerxía dos cargos (€/kWh)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
2 VE	0,004897	0,003626	0,001960	0,000980	0,000627	0,000391

b) Puntos de recarga de vehículos eléctricos conectados en alta tensión (segmento tarifario 3 VE):

Segmento tarifario	Termo de potencia dos cargos (€/kW ano)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
3 VE	0	0	0	0	0	0

Segmento tarifario	Termo de enerxía dos cargos (€/kWh)					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
3 VE	0,003944	0,002921	0,001577	0,000790	0,000507	0,000315

3. Con independencia da modalidade e das condicións de contratación, as comercializadoras deberán repercutir nas facturas que lles emitan aos consumidores, correspondentes aos consumos realizados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o desconto asociado aos cargos establecidos no punto anterior con respecto aos cargos establecidos na Orde TED/371/2021, do 19 de abril, pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagamentos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021. O dito desconto aparecerá expresado en euros e nunha liña independente da factura.

4. Para facer este traslado, o comercializador deberá aplicar os seguintes criterios:

a) En relación co termo de potencia, deducirase de cada prezo do termo de potencia do contrato a variación que corresponda pola aplicación dos novos termos de potencia dos cargos.

b) En relación co termo de enerxía:

1.º No caso de contratos indexados ao prezo horario do mercado de electricidade, ou no caso de que os períodos horarios do contrato coincidan cos períodos dos cargos, deducirase de cada termo de enerxía do contrato a variación correspondente a cada peaxe.

2.º No caso de que os períodos horarios do contrato non coincidan cos períodos dos cargos, deduciranse de cada prezo do termo de enerxía do contrato as variacións dos termos de enerxía dos novos cargos, ponderadas co perfil de consumo do consumidor. Para estes efectos, para os contratos en baixa tensión, aplicarase o conxunto de perfís de consumo II recollidos no anexo IV da Resolución do 18 decembro de 2020, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se aproban o perfil

de consumo e o método de cálculo para efectos de liquidación de enerxía, aplicables para aqueles consumidores tipo 4 e tipo 5 que non dispoñan de rexistro horario de consumo, segundo o Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, para o ano 2021, ou disposición que o substitúa, de ser o caso, correspondente a cada peaxe. Para o resto de consumidores, aplicarase o perfil que se axuste mellor ao consumidor.

Para estes efectos, indícanse a continuación as variacións que corresponden para os consumidores en baixa tensión, tendo en conta as opcións de subministración máis habituais:

Tipo contrato	Variación no termo de enerxía (€/kWh)		
	Período 1	Período 2	Período 3
Tarifa de acceso 2.0TD-Contrato de subministración cun único prezo para todas as horas.	-0,035838		
Tarifa de acceso 2.0TD-Contrato de subministración con 2 períodos segundo os horarios da tarifa de acceso 2.0 e 2.1 con discriminación horaria DHA.	-0,048184	-0,023803	
Tarifa de acceso 2.0TD-3 períodos horarios segundo o Real decreto 148/2021.	-0,101607	-0,020321	-0,005080

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará que a dita translación aos consumidores se corresponde efectivamente cos menores custos derivados dos novos cargos e que se realiza de maneira obxectiva, transparente e sen dilación.

6. O incumprimento do establecido nesta disposición por parte das comercializadoras poderá constituír unha infracción grave, segundo o previsto no artigo 65.25 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, no relativo ao incumprimento da aplicación das medidas de protección ao consumidor.

Disposición adicional cuarta. *Revisión dos parámetros retributivos aplicables ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como organismo encargado das liquidacións, levará a cabo a liquidación necesaria para a adaptación da retribución procedente do réxime retributivo específico, detraendo as cantidades non aboadas polas instalacións como consecuencia da suspensión do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica, segundo o establecido no artigo 2.

2. A dita adaptación terá lugar na primeira liquidación en que se dispoña dos axustes correspondentes tras a entrada en vigor do citado artigo.

Disposición adicional quinta. *Minoración da enerxía sometida ao mecanismo de fomento da contratación a prazo.*

Os suxeitos vendedores de enerxía segundo os mecanismos de mercado do artigo 3 estarán suxeitos a un axuste das cantidades que as plantas de xeración de que son titulares deban aboar, de ser o caso, en aplicación dos mecanismos de minoración previstos na lexislación pola cal se actúa sobre a retribución do CO₂ non emitido do mercado eléctrico e no previsto no título III deste real decreto lei, pola parte proporcional á enerxía sometida á contratación a prazo, sempre que os prezos da poxa difiran, á alza ou á baixa, en máis dun 10 % da media aritmética do prezo do mercado diario no período de entrega.

O axuste, no caso de que resulte a favor dos suxeitos vendedores, financiarase con cargo aos ingresos obtidos polos ditos mecanismos.

O procedemento para o recoñecemento, cálculo e liquidación do axuste será establecido mediante orde da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Disposición adicional sexta. *Tipo impositivo do imposto especial sobre a electricidade.*

1. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia ata o 31 de decembro de 2021, o imposto especial sobre a electricidade exixirase ao tipo impositivo do 0,5 por cento.

As cotas resultantes da aplicación do dito tipo impositivo non poderán ser inferiores ás contías seguintes:

a) 0,5 euros por megawatt-hora (MWh), cando a electricidade subministrada ou consumida se utilice en usos industriais, en embarcacións atracadas en porto que non teñan a condición de embarcacións privadas de recreo ou no transporte por ferrocarril;

b) 1 euro por megawatt-hora (MWh), cando a electricidade subministrada ou consumida se destine a outros usos.

Cando se incumpra a condición prevista nas letras anteriores, as contías indicadas nelas terán a consideración de tipos impositivos e aplicaranse sobre a subministración ou consumo total do período expresado en megawatt-hora (MWh).

Para estes efectos, considéranse usos industriais:

a) Os efectuados en alta tensión ou en plantas e instalacións industriais.

b) Os efectuados en baixa tensión con destino a regas agrícolas.

O imposto mínimo recollido nas letras a) e b) anteriores non será de aplicación para os supostos previstos nas letras a), b), c) e d) do número 1 do artigo 98 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2. O impacto que a aplicación desta disposición poida ter nos recursos do sistema de financiamento autonómico analizarase para efectos de que se poidan adoptar as medidas, de ser o caso, de compensación que procedan no marco establecido polo artigo 2.un.g) da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, en relación coa aplicación do principio de lealdade institucional.

Disposición adicional sétima. *Limitación da variación do valor do custo da materia prima na tarifa de último recurso de gas natural.*

1. O custo da materia prima que se imputará na tarifa de último recurso de gas natural de aplicación a partir do 1 de outubro de 2021, calculado conforme a metodoloxía establecida na Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural, non poderá superar o 35 por cento do valor vixente, establecido mediante a Resolución do 24 de xuño, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se fai pública a tarifa de último recurso de gas natural. Na revisión correspondente ao 1 de xaneiro de 2022, o incremento máximo do custo da materia prima respecto ao que resulte vixente na revisión do 1 de outubro de 2021 establécese no 15 por cento. As revisións correspondentes ao 1 de abril e seguintes aplicarán a metodoloxía ordinaria vixente da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño.

2. A diferenza entre o custo da materia prima calculado conforme a metodoloxía da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, e o custo da materia prima que resulte da aplicación do parágrafo anterior recuperarase nas revisións da tarifa de último recurso que teñan lugar a partir do 1 de xaneiro de 2022, conforme o seguinte:

a) Se o incremento do custo da materia prima por aplicación da metodoloxía da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, en relación co valor aplicado na revisión anterior for superior ou igual ao 15 por cento, non se recuperará ningunha cantidade.

b) Se o incremento do custo da materia prima por aplicación da metodoloxía da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, en relación co valor aplicado na revisión anterior for inferior ao 15 por cento, incrementarase o dito valor ata acadar o dito límite máximo do 15 por cento.

3. En todo caso, non se poderá reducir o custo da materia prima mentres existan cantidades pendentes de recuperar.

4. Mentres existan cantidades pendentes de recuperar non será de aplicación o limiar de variación do custo da materia prima do 2 por cento establecido no artigo 10.1 da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xullo.

5. As cantidades pendentes de recuperación pola aplicación deste artigo poderanse ver incrementadas, mediante a imputación dun custo financeiro, empregándose o tipo de xuro aplicado no financiamento do déficit acumulado en 31 de decembro de 2014, de 1,104 %.

6. Non se poderá poñer fin ao procedemento de recuperación das cantidades debidas ata que as comercializadoras de último recurso recuperasen a súa totalidade, incluídos, de ser o caso, os xuros correspondentes.

7. Habílitase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para desenvolver o establecido nesta disposición.

Disposición transitoria primeira. Liquidación correspondente ao primeiro mes de aplicación do mecanismo de minoración.

A primeira liquidación realizada de conformidade co establecido no artigo 8 incorporará o período transcorrido entre a entrada en vigor deste real decreto lei e o inicio do primeiro mes completo en que resulte de aplicación o mecanismo de minoración previsto no título III.

Disposición transitoria segunda. Determinación da base impoñible e do importe dos pagamentos fraccionados do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica.

Durante a vixencia prevista no artigo 2 deste real decreto lei, para a determinación da base impoñible do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica regulado na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, así como dos pagamentos fraccionados correspondentes ao dito tributo, teranse en conta os menores ingresos percibidos polo contribuínte como consecuencia do instrumento de minoración establecido no título III deste real decreto lei.

Disposición transitoria terceira. Aplicación do artigo 55 do texto refundido da Lei de augas no ano hidrolóxico 2021-2022.

Antes do 31 de decembro de 2021, os organismos de bacía, por proposta da Comisión de Desencoramento, adoptarán as resolucións que procedan en aplicación dos criterios de utilización racional dos recursos hídricos que se introducen no artigo 55.2 do texto refundido da Lei de augas, e remitirán á Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico un informe motivado que recolla a relación dos encoros que foron obxecto de medidas de explotación racional no ano hidrolóxico 2021-2022, atendendo aos citados criterios.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Modifícase a alínea a) do número un da disposición adicional centésimo trixésimo segunda «Ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto

invernadoiro», da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«a) Para financiar os custos do sistema eléctrico previstos na Lei do sector eléctrico, referidos a fomento de enerxías renovables, o 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, ata un importe de 2.000.000,00 miles de euros.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, queda modificado da seguinte maneira:

1. Modifícase o número 4 do artigo 19 e engádese un novo número 5 como segue:

«4. Cunha antelación de quince días hábiles ao da finalización do prazo establecido para o inicio do procedemento de suspensión, a empresa comercializadora volverá requirir fidedignamente o pagamento ao consumidor, se este non o fixese efectivo. O dito requirimento incluírá a data concreta a partir da cal a subministración de electricidade poderá ser suspendida, de acordo co contido recollido no anexo IV.

Salvo no caso dos consumidores vulnerables acollidos ao bono social e no suposto recollido no artigo 20, cando transcorresen dous meses desde que a empresa teña constancia da notificación do primeiro requirimento de pagamento ou, de ser o caso, desde que a comercializadora realizase o segundo requirimento de pagamento, de acordo co disposto no número 2, sen que este se fixese efectivo, a empresa comercializadora poderalle solicitar á empresa distribuidora, a través do procedemento e polos sistemas e medios telemáticos aprobados para ese efecto pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a suspensión da subministración de electricidade, o que determinará o inicio do procedemento de suspensión, indicando se se debe rescindir o contrato ou non.

No caso dos consumidores acollidos ao bono social, cando transcorresen catro meses desde que a empresa teña constancia da notificación do primeiro requirimento de pagamento ou, de ser o caso, desde que a comercializadora realizase o segundo requirimento de pagamento, de acordo co disposto no número 2, sen que este se fixese efectivo, a empresa comercializadora solicitaralle á empresa distribuidora, a través do procedemento e polos sistemas e medios telemáticos aprobados para ese efecto pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a aplicación da subministración mínima vital, de conformidade co artigo 45 bis da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico. A empresa comercializadora de referencia remitiralle un escrito ao consumidor no prazo máximo de dez días desde a mencionada solicitude, para informalo desta cuestión, de acordo co modelo recollido no anexo VIII. Finalizado o período de aplicación da subministración mínima vital, a empresa comercializadora poderalle solicitar á empresa distribuidora, a través do procedemento e polos sistemas e medios telemáticos aprobados para ese efecto pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a suspensión da subministración de electricidade, indicando se se debe rescindir o contrato ou non.

Non se poderá sinalar como día para a interrupción un día festivo nin aqueles en que, por calquera motivo, non exista servizo de atención ao cliente tanto comercial como técnico para efectos da reposición da subministración de electricidade, como tampouco a véspera daqueles días en que se dea algunha destas circunstancias.»

«5. A potencia límite asociada á subministración mínima vital establécese en 3,5 kW, que resultará de aplicación só naqueles casos en que a potencia contratada sexa superior á dita potencia límite.

Malia o anterior, este valor poderá ser modificado mediante orde da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Na determinación da potencia límite deberanse ter en conta, en todo caso, as circunstancias climatolóxicas, sociais ou económicas dos colectivos beneficiarios da subministración mínima vital.»

2. Modifícanse os apéndices do anexo II, conforme se contén no número 1 do anexo deste real decreto lei.

3. O anexo III queda modificado conforme se contén no número 2 do anexo deste real decreto lei.

4. Modifícanse os apéndices do anexo IV, conforme se contén no número 3 do anexo deste real decreto lei.

5. Inclúese un anexo VIII, conforme se contén no número 4 do anexo deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19.*

Dáse nova redacción ao número 3 do artigo 1 do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19, co seguinte texto:

«3. As axudas directas recibidas polos autónomos e empresas considerados elixibles terán carácter finalista e deberanse aplicar a satisfacer a débeda e a realizar pagamentos a provedores e a outros acredores, financeiros e non financeiros, así como a compensar os custos fixos incorridos sempre e cando estes se xerasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021, e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. En primeiro lugar, satisfaranse os pagamentos a provedores e a outros acredores non financeiros, por orde de antigüidade; se procede, en segundo lugar, reducirase a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público. Por último, poderase destinar o remanente da axuda a compensar os custos fixos incorridos, que inclúen as perdas contables propias da actividade empresarial que non fosen xa cubertas con estas ou con outras axudas.»

Disposición derradeira cuarta. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 14.^a, 22.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral, lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma, lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

Habílanse o Goberno e as persoas titulares dos ministerios de Facenda e Función Pública, para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, no ámbito das súas competencias, para aprobaren cantas

disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, a aplicación e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira sexta. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación mediante este real decreto lei poderán ser modificadas mediante normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Modificacións dos anexos II, III e IV e adición dun anexo VII do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica

1. De acordo co número 2 da disposición derradeira segunda deste real decreto lei, modifícanse os apéndices I, II e III do anexo II do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, nos seguintes termos:

a) No apéndice I («Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento a consumidores persoas físicas en mercado libre que remitirá a comercializadora»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Unha vez acollido ao PVPC, e sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, de non ter sido aboada a cantidade debida, transcorridos catro meses desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento, adaptarase a súa potencia, durante outros seis meses adicionais, a unha subministración mínima vital de 3,5 kW. Durante este tempo non poderá ser suspendida a súa subministración.»

b) No apéndice II («Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento a consumidores persoas físicas acollidos ao PVPC que remitirá a comercializadora de referencia»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, de non ter sido aboada a cantidade debida, transcorridos catro meses desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento, adaptarase a súa potencia, durante outros seis meses adicionais, a unha subministración mínima vital de 3,5 kW. Durante este tempo non poderá ser suspendida a súa subministración.»

c) No apéndice III («Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento a consumidores acollidos ao PVPC con bono social que remitirá a comercializadora de referencia»), o terceiro parágrafo inserido no recadro queda redactado do seguinte modo:

«De non se aboar a cantidade debida, tras o prazo de catro meses a partir da recepción do dito requirimento, a empresa distribuidora adaptará durante outros seis meses adicionais a potencia do seu fogar a unha subministración mínima vital de 3,5 kW, durante os cales a súa subministración tampouco poderá ser suspendida.»

2. De acordo co número 3 da disposición derradeira segunda deste real decreto lei, modifícanse os apéndices I, II e III do anexo III do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, nos seguintes termos:

a) No apéndice I («Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores en mercado libre que remitirá a comercializadora»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Unha vez acollido ao PVPC, e sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, de non ter sido aboada a cantidade debida,

transcorridos catro meses desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento, adaptarase a súa potencia, durante outros seis meses adicionais, a unha subministración mínima vital de 3,5 kW. Durante este tempo non poderá ser suspendida a súa subministración.»

b) No apéndice II («Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC que remitirá a comercializadora de referencia»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, de non ter sido aboada a cantidade debida, transcorridos catro meses desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento, adaptarase a súa potencia, durante outros seis meses adicionais, a unha subministración mínima vital de 3,5 kW. Durante este tempo non poderá ser suspendida a súa subministración.»

c) No apéndice III («Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC con bono social que remitirá a comercializadora de referencia»), o terceiro parágrafo inserido no recadro queda redactado do seguinte modo:

«De non se aboar a cantidade debida, tras o prazo de catro meses a partir da recepción do dito requirimento, a empresa distribuidora adaptará durante outros seis meses adicionais a potencia do seu fogar a unha subministración mínima vital de 3,5 kW, durante os cales a súa subministración tampouco poderá ser suspendida.»

3. De acordo co número 4 da disposición derradeira segunda deste real decreto lei, modifícanse os apéndices I e II do anexo IV do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, nos seguintes termos:

a) No apéndice I («Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores en mercado libre que remitirá a comercializadora quince días hábiles antes da finalización do prazo para iniciar o procedemento de suspensión da subministración de electricidade»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, unha vez acollido ao PVPC, de non ter sido aboada a cantidade debida, transcorridos dous meses desde a data sinalada anteriormente, a empresa distribuidora adaptará durante seis meses adicionais a potencia do seu fogar a unha subministración mínima vital de 3,5 kW, durante os cales a súa subministración tampouco poderá ser suspendida.»

b) No apéndice II («Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC que remitirá a comercializadora de referencia quince días hábiles antes da finalización do prazo para iniciar o procedemento de suspensión da subministración de electricidade»), o terceiro parágrafo tras o recadro queda redactado do seguinte modo:

«Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, de non ter sido aboada a cantidade debida, transcorridos dous meses desde a data sinalada anteriormente, a empresa distribuidora adaptará durante seis meses adicionais a potencia do seu fogar a unha subministración mínima vital de 3,5 kW, durante os cales a súa subministración tampouco poderá ser suspendida.»

4. De acordo co número 5 da disposición derradeira segunda deste real decreto lei, engádese un novo anexo VIII ao Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, coa seguinte redacción:

«Modelo de comunicación para informar sobre a aplicación da subministración mínima vital

Informámolo/a de que, de non se aboar a cantidade debida, a potencia do seu fogar adaptarase, durante un período de seis meses, á subministración mínima vital, establecida en 3,5 kW. Durante estes catro meses, a súa subministración non poderá ser suspendida e a súa potencia non poderá superar este límite.

Se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo de acordo co disposto no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto, pódese poñer en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside, para que o/a informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

[Inclúanse a seguir requisitos para ser vulnerable severo, conforme o artigo 3 do citado real decreto].»